

# Unha urna cerâmica e unha lanza de bronce

POR

F. L. CUEVILLAS

---

Saindo de Ourense e camiñando 14 kilómetros, primeiro pol-a estrada de Santiago e deseguida pol-a estrada de Lugo, entrase no concello de Vilamarín pol-a fregesia de San Vicente de Reádegos que ten unha eirexa parroquial de construción recente, asentada moi perto da beira dereita da estrada e no fondo da encosta do monte de Santa Adega, de mais de 600 metros de altitude, que é dende logo o lugar mais elevado do borde dun penichan que remata pol-o norte na fonda cortadura por onde decorren as augas do Miño.

Dende a cima do monte ollase por iste lado un paisaxe de cotos con vexetación de ribeira, con fartura de piñeiro e de viñas, e pol-o outro lado mirase o amprio val de Vilamarín cruzado pol-o curso alto do río Barbantiño e pechado no fondo pol-a masa da serra da Martiñá.

O monte de Santa Adega ten forma cónica e no seu cume erguese un castro de mediano tamaño, 78 metros de norte a sul e 75 de este a oeste, cinguido por un parapeto que chega pol-a parte interior a medir 5 metros de alto e que pol-a esterior prolongase nun terrapren de 12 correndo ó seu pe un foso provido de escarpa e contraescarpa. Iste foso na parte do oeste separase do terrapren 28 metros facendo un a xeito de antecastro.

Cando iste castro foi catalogado alá pol-o ano de 1926 non se poido apreciar na superficie da área cercada ningun vestixio da esistencia de casarellas de pedra, mais conven advertir a iste respecto, que todo aquil terreo está formado por estratos cristaiños, e os cachotes tabulares son moito menos visibeles que os grosos anacos de pedra de gra que acusan a sua presencia con mais craridade o mesmo formando paredes que soltos pol-o chao dos castros.

Hai unhos doce ou trece anos os veciños de Reádegos seguindo un movemento daquela moi xeneralizado nas nosas aldeias, emprincipiaron a desabregar o recinto do castro co obxeto de adicalo a sementear centeos, e é realizar ista laboura afondouse na terra cousa de trinta centimetros aparecendo algunas pezas arqueolóxicas e entre elas unha vasixa de tamaño mais ben pequeno, e unha punta de lanza de bronce que foron parar ás mans do abade da fregesia D. Manuel Bermello ó que debemos o seu coñecimento e algunas noticias encol do seu xacemento.

Apareceu a vasixa, asegún informes dos que a atoparon, nunha especie de pequeno nicho abierto no fondo dunha parede, que ignoramos a que cras de construcción podia pertencer. Alcontrouse coberta por unha laxa de pedra esquistosa e chea por compreto de cinsas.

Ista circunstancia de estar cuberta a boca do pucheiro por unha laxa de pedra, e a mesma forma de iste e ainda o estar chea de cinsas, fai matinar na esistencia dun enterramento por incineración pois é sabido que nas necrópoles celtas da meseta e tamen nas sepulturas de Cataluña moitas urnas cinerarias en vez de estar cobertas por outra peza cerámica estano sinxelamente por unha pedra mais ou menos tabular, e por outra parte as referidas urnas non gardan mais que cinsas, sin gardar co-elas ningun fragmento de ossos.

E indudable que a incineración era o único rito funerario empregado polos nosos castrexos, mais os restos que se obtiñan da cremación acobilabanse, non en necrópoles, se non no interior ou no exterior das casas e en recipientes de forma moi variábel. O mais corrente había ser un burato abierto no chan e coberto por unha pedra, que acochaba ás cinsas unhas veces soias e outras metidas nunha vasixa cunha pedra na boca a xeito de tapadeira. Unha urna dista especie asoellouse nunha das primeiras campañas de excavación da citania de Santa Trega. Moi frecuente tamen era a apertura de fochas circulares nas penedas, nas que sin axuar de ningunha caste colocabanse os restos incinerados, sendo o millor exemplo diste tipo de enterramento os atopados por José María Luengo no castro de Meirás, constituido por un grupo de vinte fochas cheas de cinsas e de testos de vasos, crebados ó parecer intencionadamente. Fochas semellantes ás de Meirás, descubrironse, isoladas ou formando pequenos grupos, na Cidade Velha de Santa Luzia, en San Cibrán das Lás e en Céltigos. Casos en que a urna funeraria alcontrouse, como en Santa Adega dentro dunhas a modo de pequenas cistas cadrangulares, feitas con delgadas laxas son a que se achou no castro de Morgade tapada por

certo cunha lousa que tiña esculpido un sino estelar, e como as que se descubriron no antecastro de Coaña e nos castros de Felgosa e Vilar dos Cotos. Outro tipo de enterramento conseguise abrindo as fochas en grandes pedras soltas como as que se atoparon nos castros de Coaña, Pendia y La Escrita, os tres nas Asturias occidentaes, e tamen no castro galego de Cameixa, e por último outras urnas alcontraronse dentro dunhos pozos dun ou de dous pisos e revestidos de pequenos cachotes. Iste pequenos puzos sinalaronse tres no castro de Terroso e o outro no emprazamento dun poboado forte que esistiu en Santiago de Compostela e cuia superficie acadaba deica a eirexa de Santa María Salomé perto da coal desatuouse o mencioado puzo.




Fig. 1

O vaso cinerario do castro de Santa Adega está traballado á man cun barro pardo anegrazado, bastante fino, con algunas incrusións de pequenas laminas de mica e ningunha de cuarzo. As paredes, moi ben alisadas, acadan algo mais de dous milímetros no borde e estan perfectamente alisadas. A forma pode apreciarse na figura 1; mide de alto 84 milímetros, a boca acada de diámetro 90 milímetros e o fondo, que é plano, 70 milímetros. O borde presentase cunha revira que comenza nunha linea angular, e por baixo dil, na curva da iniciación da panza aparecen catro sulcos anchos, obtidos cun punzon que remataba, de seguro, nun corte curvo semellante ó dunha goiva.

A outra peza de intrés arqueolóxico atopada ó desabregar o recinto do castro de Santa Adega é unha punta de lanza de bronce, que os seus achadores, veciños de San Vicente de Readegos, ofreceron ó seu parroco D. Manuel Bermello, quen tivo a amabilidade de facilitarnos, o mesmo ista lanza que o vaso de que denantes falamos

pra que poideramos dalos a coñecer, tendos no noso poder tempo de abondo pra ensaminalos e estudalos.

As lanzas con punta de bronce aparecen enumeradas na relación das armas dos galecos feita por ESTRABON (<sup>1</sup>) e por DIODORO (<sup>2</sup>) e istas noticias literarias foron confirmadas por achádegos dos que deseguida nos ocuparemos.




Fig. 2

Mide de longo a punta atopada no castro de Santa Adega 14 centímetros e 4 de ancho maisimo. O alvado está crebado na sua porción inferior mais a asta entraba por dentro da folla 6 centímetros. Ista folla ten unha crista forte, ancha que apresenta na cima duas liñas paralelas trazadas na forma en que se ve na figura 2, ofrecendo en conxunto un tipo estreito e alongado, con certa semellanza co mais longo dos tres de Abelenda publicados por LUIS MONTEAGUDO e ca que formaba parte do depósito de Ribas de Sil que está no Museo Arqueológico Nacional de Madrid.

O mesmo o de Abelenda que o de Ribas de Sil son sen dubida

(<sup>1</sup>) *Geografía*, m. 3, 7.

(<sup>2</sup>) *Biblioteca* — V, 34.

dos derradeiros tempos do Bronce, e pol-as circunstancias do seu acha-dego no leito de correntes de auga, semellan ter carakter de ofrenda e pertencer ó chamado pobo da espada que nos seus movimentos de invasión seguian o curso dos ríos, ós que rendia un culto que se sinala pol-a aparición de depositos de armas no fondo dos leitos, ou nas suas beiras actuaes cobertas outrora pol-as augas.

Lanzas de bronce que compre considerar como posteriores as do pobo da espada son a atopada no castro trasmontano de Picote, no castro asturiano de Coaña e nunha estación galaico-romana do estuario da Ulla, mais istes tres exemplares non apresentan esaite semeillanza co de Santa Adega, imitandose en troques de maneira considerable cos que apareceron no deposito de Covapodre, en Hío, en compañía de machados de talón e de tubo.

De todo o dito tirase que as puntas de lanza dos derradeiros tempos do Bronce seguiron en uso, o mesmo no tipo de folla ancha que no de folla estreita, deica mas alá dos anos findeiros da cultura castrexia, mais compre que nos perguntemos cal foi a causa de que iste fenómeno de perduranza se produxera. E pra responder a ista pergunta compre que nos fixemos en que namentras nos castros e nas necrópoles da Meseta as armas todas son totalmente de ferro, no noso círculo cultural rexistranse espadas de antenas compretamente de bronce como as de Couboeira e Villalba e a das cercanías de Becerreá e outras que teñen a folla de ferro conservan o puño de bronce como as de Riotorto, comarca de Ortigueira e as da citania de Santa Trega, sendo ben fixarnos asimismo en que unha lanza da croa de Zoñán de tipo craramente hallsttático está fundida en bronce.

Esta preferencia pola referida aleación debe espricarse somente pol-a grande abundancia de ela que se observa na edade a que deu nome, e sobre todo na sua fase findeira, circunstancia que faria que os castrexos seguiran apegados á vella industria e abandoaran a esprotación do ferro e dos seus xacimentos pese á fartura con que se presentan na nosa terra.

#### BIBLIOGRAFIA

- JOSÉ VILLA-AMIL Y CASTRO — *Productos de la metalurgia gallega en tiempos remotos*.  
B. C. M. Orense, tomo III, numero 53 e seguinte.  
A. A. MENDEZ CORREA — *Os povos primitivos da Lusitania*.  
Seminario de E. Galegos — *Catálogo de Castros Galegos. Val de Vilamarín, fase I*.

- A. LÓPEZ FERREIRO — *Historia de la Iglesia Compostelana*, tomo I.
- FEDERICO MACÍNEIRA — *Los castros prehistóricos del norte de Galicia*. 1934.
- LUIS MONTEAGUDO — *Galicia Legendaria y Arqueológica. Problemas de las «Ciudades asolagadas»*. 1957.
- JOAQUIN LORENZO FERNANDEZ — *El monumento protohistórico de Aguas Santas y los ritos funerarios de los castros*. 1948.